

UNHA PRODUCCIÓN DO
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO
E A COMPANHIA DE TEATRO DE BRAGA



Resumo en lectura fácil da obra de teatro

A CONTENDA

DOS LABRADORES DE CALDELAS OU ENTREMÉS FAMOSO SOBRE A PESCA

DO RÍO MIÑO

Gabriel Feixóo de Araúxo é o escritor da obra de teatro orixinal.
Javier Alonso de Castilla escribe esta versión da obra de teatro.
Fran Núñez é o director desta versión da obra de teatro.

Datas de representación da obra:
do 26 de xaneiro ao 5 de febreiro do 2023
Lugar: Salón Teatro en Santiago de Compostela



XUNTA
DE GALICIA



Índice

Que é este documento?.....	páxina 4
O Centro Dramático Galego.....	páxina 4
A contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre a pesca do río Miño.....	páxina 5
As actrices e os actores.....	páxina 6
Que nos conta esta obra de teatro?.....	páxina 8
Como é o escenario?.....	páxina 10
Canto tempo dura a obra de teatro?.....	páxina 11

Que é este documento?

Este documento é o programa de man dunha obra de teatro.

Un programa de man dunha obra de teatro é un documento que recolle información sobre esa obra por exemplo, o nome das personaxes ou o tema da obra de teatro.

O título desta obra de teatro é

**A contenda dos labradores de Caldelas
ou Entremés famoso sobre a pesca do río Miño.**

O Centro Dramático Galego

O Centro Dramático Galego e a Compañía de Teatro de Braga de Portugal organizan esta obra de teatro.

O Centro Dramático Galego é unha compañía de teatro. As compañías de teatro son un grupo de persoas que fan obras de teatro.

O Centro Dramático Galego fai obras de teatro en galego.

O Centro Dramático Galego é da Xunta de Galicia e comezou a traballar no ano 1984.

Está no Salón Teatro.

O Salón Teatro está na Rúa Nova en Santiago de Compostela.

O Centro Dramático Galego organiza:

- Obras de teatro de escritoras e escritores galegos.
- Obras de teatro de escritoras e escritores importantes de todos os países.
- Obras de teatro para nenas e nenos.

O Centro Dramático Galego quere que todas as persoas poidan ir ao teatro. Tamén quere que as persoas coñezan os profesionais que traballan nas obras de teatro.

A contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre a pesca do río Miño

O título desta obra é **A contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre a pesca do río Miño.**

A obra de teatro orixinal é do ano 1671. Gabriel Feixóo de Araúxo é o escritor da obra orixinal. Esta obra de teatro foi a primeira obra de teatro escrita en lingua galega.

A obra de teatro fala da contenda dos labradores de Caldelas cos portugueses. Unha contenda é unha loita. Caldelas é un lugar do concello de Tui. O concello de Tui está na provincia de Pontevedra.

Nesta obra, os labradores galegos loitan cos portugueses pola pesca no río Miño.

No título da obra aparece a palabra entremés. Un entremés é unha obra de teatro que dura pouco tempo. A obra orixinal de Gabriel Feixóo de Araúxo é un entremés.

As actrices e os actores



ROGÉRIO BOANE



SÍLVIA BRITO



CARLOS FEIO



EDUARDA FILIPA



ANTÓNIO JORGE



GRASIELA MÜLLER



FRAN NÚÑEZ



AISA PÉREZ



VALENTINA PICCIAU



SOLANGE SÁ

Que nos conta esta obra de teatro?

Javier Alonso de Castilla escribe unha versión da obra orixinal

**A contenda dos labradores de Caldelas
ou Entremés famoso da pesca do río Miño.**

Fran Núñez é o director desta versión.

Nesta versión da obra,
algunhas actrices e actores falan en portugués
e outras en galego.

Esta obra de teatro ten 3 partes:

Primeira parte:

Na primeira parte da obra de teatro
o director da obra Fran Núñez
explica a historia da obra orixinal.

Un labrador galego de Caldelas e un fidalgo portugués
pescan peixes no río Miño.

Un fidalgo era unha persoa que tiña terras
e que cobraba aos labradores por traballalas.

O fidalgo portugués quere ter
máis dereitos de pescar que o labrador galego.
Por iso, o fidalgo portugués e o labrador galego loitan
e o fidalgo portugués morre.

Despois, galegos e portugueses loitan
ata que fan as paces.

Segunda parte:

Na segunda parte da obra as actrices e actores representan diferentes historias sobre os temas da obra orixinal:

- As fronteiras
 - A loita
 - A avaricia
- A avaricia é querer ter moitos cartos e riquezas.

Terceira parte:

Na terceira parte da obra as actrices e actores representan a obra orixinal de Gabriel Feixóo de Araújo.



Como é o escenario?

O escenario non cambia durante toda a obra de teatro.
No escenario podes ver varios bancos de madeira
e un estanque con auga.

O escenario non cambia
pero representa diferentes sitios durante a obra.
Por exemplo, as actrices e actores da obra
están no río Miño nun momento da obra
e noutro momento da obra
están nunha reunión.



Canto dura a obra de teatro?

Esta obra de teatro dura 80 minutos.



MEU QUIRIDO, MEU MIMO, MEU MORGADO

MEU OURO FINO, MEU MUI DOCE AMAD

MEU ESPELHO, MEU GOSTO, MEU CONTENTO,

MEU BEM, EM QUEM EU TINHO A PENSAMENTO

Adaptación a lectura fácil:

Texto redactado segundo as pautas de lectura fácil de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX por M.^a Dolores Portela León FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Adaptación realizada por FADEMGA Plena inclusión Galicia Programa de Cidadanía Activa e Accesibilidade cognitiva subvencionado pola Xunta de Galicia (Programas IRPF).

Validación da adaptación:

FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Logotipo europeo de lectura fácil na portada.

© Inclusion Europe

Máis información en www.inclusion-eu



DESCARGA O PROGRAMA
EN LECTURA FÁCIL

